

ASISTENTES:

**Alcalde:**

D. José Luis García López.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Torreira González

D. Leonardo Bermúdez Taboada

D<sup>a</sup>. Natalia Pereira Rey

D<sup>a</sup>. Aurora Varela Duro

D. Inacio García Couso

D. Antonio Orois Valiño

D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D<sup>a</sup> Cristina Castro Pampin

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D. Javier Rodríguez Vázquez

D. Francisco Xabier Pintor Vázquez

**Secretario:**

D. Juan Colmenares López-Soldado

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Olga Castro Fernández

**ACTA**

En Arzúa, 30 de xullo de 2012.

Sendo as 20:05 horas reúnen no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA

*Punto 1º) **LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 19 DE XUÑO DE 2012.***

Polo alcalde preguntouse se algún concelleiro tiña que formular algunha observación con respecto á acta da sesión anterior.

Manifestando o Sr. García Couso (do BNG) que non consta na acta que el interviu, para pedir a palabra en base ao artigo 64 apartado g) do Regulamento Orgánico Municipal, por alusións directas a súa persoa; e que a palabra foille denegada varias veces, e incluso con ameazas de expulsión por medio da policía local. Polo que pide que se corrixa a acta, e se faga constar iso.

Informa o secretario que na acta recóllense as opinións dos concelleiros que se considera que teñen relación co asunto que se está tratando, non as manifestacións que o Sr. García Couso queira, salvo que pedira que constasen en acta; e el non o pediu.

Intervén o alcalde para indicar que as ameazas a que se refire o Sr. García Couso, de que chamaría á policía local, foron pola súa aptitude insistente de querer intervir sen ter o uso da palabra; porque, neses casos, pode pedir á policía local que retire ao concelleiro do salón de sesións.

Volve a intervir o Sr. García Couso para manifestar:

- Que entende que o artigo 64 apartado g) do ROM di que calquera concelleiro, membro da Corporación, se é aludido nunha intervención ten dereito ao uso da palabra.

-Que pide que conste en acta esta discusión e que se poña o artigo 64 do ROM, e incluso as palabras coas que se dirixiu a el o alcalde, chamandolle mentireiro e amazando con votalo do salón de sesións.

- Que considera que é un erro non facer constar naquela acta a intervención que tivo, pedindo o uso da palabra; polo que, a partir de agora, pedirá que consten en acta as intervencións que considere.

Informa o secretario que el recolle en acta aquelas intervencións que teñen relación directa co asunto que se esta tratando, e entende que este non era o caso; así como aquelas outras manifestacións cando os concelleiros que as realizan piden que consten na acta. Polo que, se a acta da sesión anterior se axusta á realidade, o que procede agora é aprobala.

Acto seguido o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a aprobación de dita acta, nos termos en que foi redactada; pronunciándose a favor da súa aprobación once concelleiros (4 do BNG, 6 do PP e 1 do PSdeG-PSOE) e en contra dous concelleiros do BNG (os Sres. García Couso e Bermúdez Taboada).

Polo que, en consecuencia, quedou aprobada.

***Punto 2º) ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS E OUTROS ELEMENTOS AUXILIARES EN TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o o día 24 de xullo de 2012; no seguinte sentido:

*“Polo secretario dáse lectura de aqueles artigos que se refiren ás condicións que deberán reunir as ocupacións de determinadas porcións de vías públicas con mesas e cadeiras, toldos, parasoles, antucas, instalacións eléctricas; así como os horarios en que poderán instalarse.*

*Tamén faise referencia: ao réxime de autorizacións e aos tres anexos que contén esta ordenanza.*

*Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:*

*\*Do Sr. Pintor Vázquez (do PS de G-PSOE), para propoñer que se prime dalgunha forma que o nome do local ou do establecemento en cuestión vaia redactado en lingua galega.*

*\*Do Sr. Orois Valiño (do PP), para indicar que cada un pode poñer o nome do seu establecemento no idioma que lle dea a gana, e que agora o que se debe debatir é a ordenanza presentada.*

*\*Do Sr. Pintor Vázquez para expoñer que el quere presentar unha enmenda ao texto desta ordenanza, que consiste en incluír un apartado no que se indique que*

*“valorarase que o nome do establecemento se poña preferentemente en idioma galego”*

*Tras o exposto a presidenta sometou a votación ordinaria:*

*a) En primeiro lugar a enmenda presentada polo Sr. Pintor Vázquez.*

*Adoptándose –por catro votos a favor (3 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE) e tres votos en contra (do PP)- o acordo de aprobar dita enmenda, quedando incorporado o texto da mesma ao da ordenanza en cuestión.*

*b) En segundo lugar a ordenanza presentada coa enmenda introducida*

*Adoptándose –por unanimidade dos sete membros asistentes- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a súa aprobación.”*

---

De seguido realizáronse as seguintes intervencións:

\*Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que pouco máis ten que dicir que o que se dixo na sesión da Comisión informativa; estamos nun momento difícil, cunha crise que se para cos máis débiles.

- Que a emenda que presentara e fora aprobada naquela sesión, de que *“se valorara que o nome do establecemento se poña preferentemente en idioma galego”*, é máis unha declaración de intencións que outra cousa, posto que a ninguén se lle vai a obrigar a rotular en galego o nome do seu establecemento.

- Que sí é o momento para que –mediante esa ordenanza- se poida potenciar a lingua galega, que é nosa sinal de identidade.

- Que non se trata de que aquelas persoas que rotularan o nome do seu establecemento a través dos idiomas que existen, vaian a ser obrigados a cambialos.

Polo tanto entende que estamos de acordo nesta cuestión.

\*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que desde o grupo político do PP defendemos que cada un rotule como quera, xa sexa en galego, en castelán,...

- Que non sabe como se pode valorar a enmenda que se introduciu nesta ordenanza a proposta do Sr. Pintor Vázquez.

- Que os nomes dos establecementos son comerciais, e a veces inflúe máis no mercado calquera denominación que poida parecer unha tontería.

- Que como non queremos privar a ninguén que poña o nome que máis lle conveña, non consideramos que haxa que valorar máis a un que a outro por facer a rotulación en galego.

\*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar que lle gustaría que a rotulación dos establecementos a que se refire esta ordenanza se realizase no noso idioma, pero considera que non se debe impedir a ninguén que o faga noutro idioma.

\*Do Sr. Pintor Vázquez para expresar que, en canto á cuestión da valoración de que se poña o nome en galego, é porque se poden pedir un tipo de axudas para algunha

clase de establecementos conforme a unha lei autonómica, e tendo en conta a lei de Normalización Lingüística que aínda é aplicable porque a lingua non esta normalizada.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

-Que considera que, en base á liberdade de expresión, cada un pode poñer o nome que queira.

- Que Inditex, podía poñer en galego o nome dos establecementos que ten, por exemplo en Francia, e non o fai, e porén non se pode dicir que non sexa unha empresa galega.

\*Intervén finalmente o Sr. García Couso (do BNG) para realizar a observación de que no artigo 4 da ordenanza presentada, no punto 1 existe un erro, posto que se di que *“en ambos dous casos, acompañaranse de catro cadeiras dispostas de forma reticular, en filas e columnas permitindo o paso entre as mesas, ocupando unha superficie media de catro metros cadrados e oitenta e catro centímetros (4,41m<sup>2</sup>)”*; polo que como se ve non coincide a cifra en letra coa fixada en número.

\*Manifesta o Sr. alcalde que falará co arquitecto técnico (Luis) e coa técnica (Marta) para que lle expliquen cal sería a cifra correcta, aínda que considera que seguramente será a que figura en número, e conforme a o que digan ditos traballadores correxirase esa discrepancia.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a aprobación da ordenanza presentada, coa enmenda introducida na Comisión informativa a proposta do Sr. Pintor Vázquez, e coa corrección da discrepancia apreciada polo Sr. García Couso.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora da instalación de terrazas e outros elementos auxiliares en terreos de dominio público municipal, nos termos en que foi redactada, coa enmenda introducida na comisión informativa de que *“valorarase que o nome do establecemento se poña preferentemente en idioma galego”*.

**Segundo.**- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán presentar reclamacións e suxerencias.

**Terceiro.**- Que, para o suposto de que non se presenten reclamacións contra dita ordenanza, durante ese período de información pública, considerárase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

**Cuarto.**- Para o anterior suposto (de aprobación tácita) publicarase integramente –o texto da referida ordenanza así como este acordo de aprobación- no Boletín Oficial da Provincia.

Sen que poida entrar en vigor a ordenanza ata que fora publicada en dito Boletín, e transcorra tamén o prazo de quince días hábiles a que se refire o artigo 70 n°

2, en relación co artigo 65 nº 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril; e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

***Punto 3º) EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2/2012***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 24 de xullo de 2012; no seguinte sentido:

*“Polo Presidente explícase este expediente tramítase para imputar ao exercicio corrente unhas facturas correspondentes a gastos levados a cabo no exercicio anterior, non imputados a ese exercicio por diversos motivos de tramitación administrativa e non por inexistencia de crédito. O importe ascende a un total de 2.370 euros; 2.106 euros correspondentes á subscrición da base de datos do Consultor, e 264 euros correspondentes ao subministro de exemplares do xornal "el correo gallego" na biblioteca municipal.*

*Aberto o turno de intervencións, tanto o Sr. Pintor Vázquez (do PSOE), como o Sr. Orois Valiño (do PP), manifestan a súa conformidade.*

*E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse -por unanimidade dos sete concelleiros asistentes- o acordo de informar favorablemente a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2012.”*

---

Coñecido o informe emitido pola interventora, con data 6 de xullo de 2012.

E mostrado conformidade os voceiros dos tres grupos políticos co ditame emitido pola Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda.

Polo Sr. alcalde someteuse a votación ordinaria a aprobación de dito expediente.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de recoñecer as obrigas ás que se refire este expediente e que figuran descritas no mesmo, por importe de 2.370 euros; dispoñendo que se efectúe o pagamento das mesmas.

***Punto 4º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CREDITO 1/2012.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 24 de xullo de 2012; no seguinte sentido:

*“Polo Presidente explícase que este expediente tramítase para destinar o remanente de tesourería que houbo no pasado ano ao pago de débedas. Antes o remanente podíase destinar a outros gastos, pero agora a lei obriga a destinalo a reducir o endebedamento.*

*Aberto o turno de intervencións, toma a palabra o Sr. Pintor Vázquez (do PSOE) para manifestar que, aínda que se trata dun tema legal e que aí non vai entrar, este suposto é unha mostra máis de como a autonomía local está presa da estatal, e que considera que ás autonomías maiores de idade, como son os Concellos, deberíannos deixar decidir o destino dos nosos investimentos.*

*Acto seguido, toma a palabra o Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar a súa conformidade con esta medida, tendo en conta que ademais a amortización está prevista para os créditos que teñen os intereses mais altos.*

*Intervén o Sr. Bermúdez Taboada (do BNG) mostrando a súa desconformidade con que se trate por igual a todos os concellos. Considera que no noso concello, en que o nivel de endebedamento está nuns límites mais que razoables, deberíannos deixar elixir a nós.*

*E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse -por unanimidade dos sete concelleiros asistentes- o acordo de informar favorablemente a aprobación do expediente de modificación de crédito, na modalidade de suplemento de crédito 1/2012.”*

---

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

\*Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que lle parece inxusto que, mediante unha lei, o goberno do Estado obrigue a algúns concellos que teñen un endebedamento a destinar o superavit das liquidacións orzamentarias a reducir ese endebedamento.

- Que o goberno debería distinguir entre os concellos que teñen un endebedamento próximo ao 100% ou que están nunha situación crítica e os que teñen outras porcentaxes menores.

- Que o goberno está cometendo erro tras erro, de feito a ONU di que as medidas adoptadas están perxudicando aos máis débiles.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que non se poden facer leis para cuestións particulares, porque as leis teñen unha aplicación xeral; non tería sentido que o Congreso tivera que facer leis para cada concello en concreto.

- Que é certo que o diñeiro do superavit vai ser adicado a amortizar o crédito máis costoso que ten o concello, pero iso máis que un prexuízo é unha ventaxa, porque se reduce a carga financeira.

\*Da Sra. Varela Duro ( do BNG) para manifestar que se remite ao ditame da Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda.

Coñecido o informe emitido pola interventora, con data 6 de xullo de 2012.

Polo que o alcalde someteuse este asunto a votación ordinaria,

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente a proposta de modificación de créditos, na modalidade de suplemento de crédito, coa finalidade de suplementar as seguintes partidas, con cargo a unha parte do remanente líquido de Tesourería:

APLICACION ORCAMENTARIA			DESCRIPCION	EUROS
Clas. Por progamas	Proxecto	Econ.		
011		91300	Débeda pública. Amortizacións de préstamos	58.847,51 euros
TOTAL				58.847,51 euros

**Segundo.**- Continuar a tramitación do referido expediente, con exposición ao público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme a ao disposto no artigo 177 nº 2 en relación co artigo 169 nº 1, do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**Terceiro.**- Que –no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente- considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 nº 1 e 3 do citado Real Decreto Lexislativo; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de como quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, por razón do suplemento de crédito agora aprobado, a efectos de que poida entrar en vigor.

**Cuarto.**- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Lexislativo 2/2004, se remita copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

***Punto 5ª) PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO DE REEQUILIBRIO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, PARA O EXERCICIO 2012.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 24 de xullo de 2012; no seguinte sentido:

“O Presidente da Comisión solicita á interventora que explique dito plan, ao tratarse dun expediente moi técnico e de certa complexidade.

Toma a palabra a interventora do Concello, manifestando o seguinte:

*“O presente documento é un plan de reequilibrio de estabilidade orzamentaria cun horizonte temporal dun ano, coincidente co presente exercicio económico 2012.*

*O motivo da elaboración de dito plan é a existencia dun desequilibrio en termos de estabilidade orzamentaria (de acordo co sistema europeo de contas nacionais e rexionais) deducido da liquidación do orzamento do exercicio 2011.*

*Con motivo da aprobación da liquidación orzamentaria do exercicio 2011 examinouse o cumprimento de dito obxectivo, deducíndose dos cálculos efectuados pola intervención municipal unha necesidade de financiación de 184.292,71€. Este informe foi remitido, tal e como dispón a normativa de aplicación, ao órgano de tutela financeira das entidades locais, Dirección xeral de política financeira e tesouro da Consellería de Economía da Xunta de Galicia.*

*Por este órgano de tutela financeira púxose de manifesto a seguinte circunstancia: a utilización de remanente de tesourería para gastos xerais no exercicio supón, aínda tratándose do consumo dun aforro xerado na xestión económica do Concello, un déficit en termos de contabilidade nacional; ao ser recursos que contablemente se imputan ao capítulo 8 do orzamento de ingresos, e que en parte financiaron gastos dos capítulos 1,2 e 6. O mesmo ocorre en relación aos gastos financiados con remanente de tesourería para gastos con financiación afectada, como consecuencia da incorporación obrigatoria dos créditos financiados con dito remanente.*

*Se a elo se une o importe das obrigas financiadas coas disposicións de préstamo concertado no ano 2010, aínda non sendo un recurso financeiro do exercicio 2011, pero que pola dinámica da execución do gasto que financiaban, foron imputadas no ano 2011; a liquidación orzamentaria sitúa a este Concello a 31 de decembro nunha situación de necesidade de financiación que non exime a este Concello da obriga de presentar plan económico financeiro de reequilibrio.*

*O presente plan pon de manifesto, de forma máis extensa e detallada, o exposto anteriormente incidindo que a causa deste desequilibrio ven motivada polo forte peso dos gastos financiados con remanente de tesourería; debuxa a evolución dos gastos e ingresos e principais indicadores económicos nos últimos tres meses; incide no carácter puntual e conxuntural desta situación producida no ano 2011; e en*

*base ás previsións de gastos e ingresos que se efectuaron para o ano 2012 situase á entidade en este exercicio 2012 nun retorno á situación de capacidade de financiación en termos do SEC 95, tanto no momento de aprobación do orzamento, como na súa execución. Para a elaboración deste plan seguíronse as instrucións recibidas polo órgano de tutela financeira das entidades locais.”*

Intervén o Sr. Orois Valiño (do PP) preguntándolle á interventora de onde deriva a obriga de elaborar este plan, que si obedece a algunha Directiva Comunitaria.

Contesta a interventora que si, que é consecuencia da transposición dunha Directiva.

Intervén o Sr. Pintor Vázquez (do PSOE) preguntándolle á interventora de qué remanente se trata.

Contesta a interventora que se trata da utilización no 2011 do remanente do exercicio do 2010.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse -por unanimidade dos sete concelleiros asistentes- o acordo de informar favorablemente a aprobación do plan económico-financieiro de equilibrio de estabilidade presupostaria, para o exercicio económico 2012.”

---

Coñecido o informe emitido pola interventora, con data 5 de xullo de 2012.

E mostrando conformidade os voceiros dos tres grupos políticos co ditame emitido pola Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda.

Polo Sr. alcalde someteuse a votación ordinaria a aprobación do plan económico-financieiro de estabilidade orzamentaria presentado.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar o Plan económico-financieiro do Concello de Arzúa para o exercicio 2012, nos termos en que foi formulado.

**Segundo.**- Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Xunta de Galicia, por ser o órgano competente que exerce a tutela financeira nesta Comunidade Autónoma.

**Terceiro.**- Publicar o citado Plan económico-financieiro no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, a efectos informativos, de acordo co procedemento de publicidade do orzamento contido no texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais.

**Punto 6º) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO, POR MESAS E CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.**

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 24 de xullo de 2012; no seguinte sentido:

*“Polo Presidente explícase que se trata dunha nova ordenanza que derroga a anterior do ano 2003. Nesta ordenanza do 2003 establecíase unha tarifa anual de 18 euros por metro cadrado de ocupación que se ía actualizando segundo a evolución do IPC. Neste momento a tarifa actualizada é de 22,20 euros por metro cadrado de ocupación ao ano. Na nova ordenanza fiscal establécense dúas tarifas: unha para a ocupación nas rúas Avda. de Lugo, Rúa Santiago e Praza de Galiza, cun importe de 2,10 euros ao mes por metro cadrado de ocupación; e outra para o resto de rúas e prazas do concello, cun importe de 1,80 euros ao mes por metro cadrado de ocupación.*

*Aberto o turno de intervencións, toma a palabra o Sr. Pintor Vázquez (do PSOE) para manifestar que en principio parécelle ben a idea de que se distinga en función das zonas, porque na ordenanza anterior solo había unha tarifa para todas elas, sen distinción.*

*Intervén o Sr. Orois Valiño (do PP) manifestando a súa conformidade coa idea anterior, sinalando que tamén lle parece ben que se contemplan dous períodos de ocupación, anual e de tempada, en lugar dun so período, como ocorría antes.*

*E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse por seis votos a favor - dos tres concelleiros do BNG, Sr. Bermúdez Taboada, Sra. Varela Duro e Sr. García Couso; e dos tres concelleiros do PP, Sr. Orois Valiño, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez-; e coa abstención do concelleiro do P.S.de G - PSOE, Sr. Pintor Vázquez - en espera de revisar oportunamente toda a documentación correspondente a este asunto antes do Pleno-; o acordo de informar favorablemente a aprobación da nova Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunais, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.*

*E non habendo máis asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto, si ben, antes de levantarse a sesión, o Sr. Orois Valiño (do PP) toma a palabra para manifestar que el asiste á Comisión de Contas en substitución da Sra. Vázquez Orois, e que renuncia expresamente á compensación económica que lle corresponde por esta asistencia.”*

---

Desegudio o Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) manifestou:

-Que quere aclarar que si se abstivo, cando se tratou deste asunto na Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, foi porque non lera esta ordenanza completamente, pero despois puido comprobar como se axustan as tarifas e considera que está bastante equilibrada.

- Que é un acerto que se realizara a distinción en canto á ocupación dunhas vías públicas doutras, porque hai rúas que teñen máis actividade peatonal.

Por parte dos voceiros dos grupos políticos do PP (Sr. Orois Valiño) e do BNG (Sra. Varela Duro), ratifícanse no ditame emitido pola Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda.

En consecuecia, tras ser sometida a votación ordinaria a aprobación da citada ordenanza;

Adoptáronse –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

**Primeiro**.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

**Segundo**.- Expoñer ao público o expediente íntegro que dou lugar á adopción deste acordo, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

**Terceiro**.- Considerar elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional da modificación da referida ordenanza, para o suposto de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública.

**Cuarto**.- No anterior suposto (de aprobación tácita) publicárase integramente, no Boletín Oficial da Provincia, tanto o texto da referida ordenanza, tal como quedaría redactada como consecuencia da súa modificación, así como a parte dispositiva do acordo de aprobación da mesma.

Entrando en vigor esta ordenanza cando se leve a cabo a publicación íntegra da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

#### ***Punto 7º) APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2011.***

A requirimento do alcalde, polo secretario dáse lectura do ditame que emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 22 de maio de 2012; cuxo contido é o seguinte:

*"Polo Sr. Presidente explícase que se trata de aprobar a conta xeral do exercicio 2011, e que unha vez vista a conta, parece que presenta un bo estado.*

*Continúase coa apertura dun turno de intervencións, empezando polo Sr. Pintor Vázquez (do PSOE).*

*Intervén o Sr. Pintor Vázquez manifestando que a conta é mais ben un documento contable e non político, e que nese sentido non ten moito mais que dicir, simplemente que o seu voto vai ser a favor da súa aprobación.*

*Intervén a Sra. Castro Pampín (do PP) no mesmo sentido, si ben quere preguntar polas facturas presentadas polos avogados do Concello en relación aos xuízos entre o ex alcalde Xaquín García Couso e o director da radio Armando Cascón Rodríguez. En concreto quere saber si se pagaron ou si non se pagaron, e cál é o seu estado. Tamén solicita un informe xurídico do secretario do concello onde se aclare quén debe de pagar esas facturas.*

*Pide a palabra o Sr. García Couso (do BNG) para solicitar o acceso a unha documentación da Deputación consistente nun informe sobre a xestión económica do Concello durante o ano 2010.*

*Intervén o Sr. Pintor Vázquez para retomar o tema das facturas dos avogados, solicitando información sobre quen as presentou, os conceptos e os importes das mesmas.*

*Contesta a interventora que hai dúas facturas, unha de xuño e outra do mes de outubro. Unha delas está pagada e iniciado o expediente de reintegro. A outra foi aprobada no seu día e neste momento non sabe si está pagada ou non. A primeira correspóndese cun xuízo de faltas e a segunda cun xuízo que se levou a cabo ante o xulgado do social.*

*Pregunta o Sr. Pintor Vázquez si esas facturas foron correctamente presentadas.*

*Responde a interventora que unha abonouse e solicitouse o reintegro; e que respecto da outra, a que está aprobada e que non sabe si está pagada, non ten ningunha dúbida de que esta última tena que pagar o Concello.*

*Toma de novo a palabra o Sr. Pintor Vázquez comentando que da información que da a interventora, parece que hai unha factura que en principio se abonou, e que despois houbo unha serie de reunións, e que posteriormente se dictou unha resolución do alcalde onde se acordou a súa devolución; e pregunta por quén pediu esa devolución.*

*Contesta a interventora que se solicitaron por rexistro uns informes respecto deste tema. Que o seu referíase a si estaban aprobadas e pagadas esas facturas con cargo ao orzamento, e o do secretario sobre si procedía ou non realizar eses pagos.*

*Intervén a Sra. Varela Duro propoñendo que este asunto se informe e se aclare con mais profundidade no pleno.*

*Toma a palabra a interventora para manifestar que a este Concello, como ao resto dos Concellos, chegan moitas facturas. Que ela comproba que estean correctamente presentadas, e que unha vez feita esta comprobación, sóbeas á alcaldía. Estas facturas en concreto foron como gastos xurídicos contenciosos, o alcalde deulles o Visto Bo e nada mais. Neste caso ocorreu que a posteriori un dos implicados solicitoulle ao alcalde estes informes, e en base a esa solicitude celebráronse unhas reunións entre o alcalde e algúns dos traballadores do Concello, e chegouse a conclusión de que esas facturas non as tiña que pagar o Concello. Eu con respecto á factura correspondente ao xuízo do xulgado do social non teño ningunha dúbida de que a ten que abonar o Concello, xa que foi o Concello o demandado e o condenado nese xuízo. Respecto da outra non o teño claro. Correspóndese cun xuízo de faltas e tratándose dun tema penal teño dúbidas.*

*Intervén de novo a Sra. Varela Duro preguntando si se sabe cómo se tiveron presentado esas facturas, é dicir, cómo chegaron ao Concello.*

*Contesta a interventora que as facturas poden chegar ao Concello de distintas formas e que cando chegan son rexistradas. A min entréganmas unha vez que están rexistradas, e eu nin sei quen as trae nin o pregunto.*

*E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse -por unanimidade dos sete concelleiros asistentes- o acordo de informar favorablemente a aprobación da conta xeral do exercicio económico 2011."*

(Dita conta foi exposta ao público, no BOP nº 107 de 7 de xuño de 2012, para que os interesados poideran presentar reclamacións por quince días e oito máis, conforme esixe o artigo 212 nº 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, sen que durante o prazo de exposición ao público se presentase ningunha reclamación, reparo ou observación).

---

Deseguido, tiveron lugar as seguintes intervencións:

\*Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que como a conta xeral é un documento contable pronuncíase a favor da súa aprobación.

- Que supón que se resolvería xa o tema do pago das dúas facturas (*unha en relación co xuízo de faltas número 50/2011 seguido ante o Xulgado de Instrución de Arzúa e outra en relación cun procedemento de tutela de Dereitos Fundamentais seguido no Xulgado do Social nº 4 de A Coruña co número 436/209*); e non sería obxecto de debate neste momento.

\*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para indicar que se pronuncia no mesmo sentido que o Sr. Pintor Vázquez.

\*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para manifestar que tamén se pronuncia nos termos que quedaron indicados.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

**Primeiro**.- Aprobar a conta xeral do orzamento municipal do exercicio 2011.

**Segundo**.- Remitir esta conta ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 212 nº 5 do Real Decreto Legislativo de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

***Punto 8º) MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR CON DATA 8 DE XUÑO DE 2012, REXISTRADA DE ENTRADA AO NÚMERO 1.268.***

Por indicación do alcalde o secretario procedeu a dar lectura do ditame que –en relación con este asunto- emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 24 de xullo de 2012; cuxo contido é o seguinte:

*“O Sr. Orois Valiño le dita moción, cuxo contido é o seguinte:*

*“Que, a fin de ahorrar a las arcas municipales una cantidad dineraria nada despreciable, solicito que los Plenos ordinarios tengan periodicidad bimensual y por ello se proceda a modificar, previa votación, el artículo correspondiente del Reglamento Orgánico Municipal para adaptarlo a tal fin. Esta medida podría suponer un ahorro de más de 9.700 euros al año.*

*Igualmente, la presente moción, que se presenta para su admisión o rechazo en su totalidad, se solicita la revisión de las subvenciones a los grupos políticos, realizando por el Grupo Popular la siguiente propuesta: CINCUENTA euros por GRUPO POLÍTICO y CINCUENTA euros por CONCEJAL. Si así se aprobase quedaría derogado el acuerdo anterior y los grupos políticos, que forman parte de la Corporación, recibirían las siguientes cantidades:*

*BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (6 concejales).....350 euros.  
PARTIDO POPULAR (6 concejales).....350 euros.  
GRUPO MIXTO (1 concejal).....100 euros.*

*Esta medida supondría un ahorro de 2.760 euros al año, y se considera que la medida propuesta es proporcionada al número de representantes que ostenta cada grupo político, y aun siendo cierto que con anterioridad por parte del Grupo Municipal Popular se habían tenido en cuenta unos criterios diferentes, por lo que se darán, si así se exigen, las explicaciones oportunas; en estos momentos consideramos que la proporcionalidad de representación debe prevalecer a la hora de la fijación de las*

*subvenciones. Se hace constar que en el Pleno celebrado el pasado 31 de mayo, el firmante ya había adelantado que iba a presentar una moción en este sentido para su debate en el próximo Pleno ordinario, por lo que con esta moción cumple con lo manifestado.”*

---

*Deseguido fixéronse as seguintes intervencións:*

*\*Do Sr. Pintor Vázquez para indicar:*

*- Que vai pedir que se retire esa moción e que se estudie conxuntamente, se se quere facer ben para que haxa unhas medidas de aforro.*

*- Que, se hai que tomar unhas medidas de aforro, tense que valorar conxuntamente; que hai outras cuestións de aforro importantes, como o tema do soldo dos políticos, e que era mellor estudialo.*

*-Que, se se mantén esa cuestión, nós tamén presentaremos no Pleno unha moción por urxencia para que se inclúa no Regulamento Orgánico que os concelleiros estemos todos empadroados en Arzúa, porque cre que é unha cuestión de solidariedade ser representante dun concello e ter a residencia nel.*

*\*Do Sr. Orois Valiño:*

*- Que un pode estar empadroado en calquera lugar de España e ser concelleiro de Arzúa; e el sempre dixo que estaba empadroado en Santiago.*

*- Que non se pode privar dun dereito a unha persoa cando a lei non o priva.*

*\*Do Sr. Pintor Vázquez para indicar que el fai esa suxerencia a nivel xeral e non aludiu a ninguén en particular*

*\*Do Sr. Orois Valiño:*

*- Que é unha suxerencia contraria a lei.*

*- Que non cobrou ningún tipo de dieta por trasladarse ata o Concello cando se lle chamou para asistir a algunha sesión, polo que non lle causa ningún custo adicional o Concello por vivir noutra localidade.*

*\*Da Sra. Varela Duro para indicar:*

*- Que é partidaria de matizar algunhas cousas entre nós, e non é partidaria de retirar a moción, porque non lle parece suficiente as razóns que dá o Sr. Pintor Vázquez para retirala.*

*- Que en todo caso a análise dos soldos dos concelleiros poderase facer con posteriori se é necesario.*

*Indica o Sr. Pintor Vázquez:*

*- Que se se presenta un plan de aforro é unha cuestión que se debe estudar conxuntamente.*

*- Que respecto da súa suxerencia podería recollerse no Regulamento interno municipal.*

*Indica o Sr. Orois Valiño que ningún regulamento pode ser contrario á lei.*

*Indica a Sra Varela Duro:*

*-Que a proposta de celebrar os plenos cada dous meses parecelle ben, pero desa moción posiblemente haxa que retocar as cantidades que se propón como asignación aos grupos políticos.*

*-Que o que propón o Sr. Pintor Vázquez require unha maior meditación, e iso leva consigo unha ou máis reunións.*

*-Que é partidaría de trasladar a moción o Pleno.*

*Tras o exposto, a presidenta someteu a votación ordinaria a aceptación desta moción, para o seu debate no vindeiro Pleno.*

*Pronunciándose a favor cinco concelleiros (3 do PP e 2 do BNG) e en contra un (do PSdeG-PSOE), absténdose o Sr. García Couso; manifestando dito concelleiro que abstiñase agora, porque así o fixo tamén cando se tratou sobre as asignacións aos grupos políticos, na sesión que celebrou o Pleno sobre organización da Corporación.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que a todos nos parecen mal as medidas de aforro do Partido Popular, porque perxudican á xente máis débil, e agora que podemos adoptar unha decisión que permite aforrar diñeiro ao Concello, e que pode ser destinado á xente máis necesitada, ponse en entredito.

- Que é certo que as sesións ordinarias do Pleno eran bimensuais, pero por uns motivos concretos pensouse que era mellor poñelas mensuais.

- Que vendo que o equipo de goberno abriu as portas do Concello, para termos informados como se foramos compañeiros de partido, quisemos devolver ao Concello o que nos dá a nós; polo tanto teñen confianza no equipo de goberno para que as sesións plenarias volvan a ser bimensuais, e iso supón un aforro de máis de 9.700 euros ao ano.

- Que o grupo político do PP quere rebaixar a asignación fixa aos grupos políticos, porque o gasto de seis concelleiros (como ten o BNG ou o PP) non é o mesmo que o gasto dun só concelleiro (que ten o PSdeG-PSOE); polo tanto ten que haber certa proporcionalidade.

- Que a medida que propón supón un aforro de máis de 2.760 euros ao ano, que sumados aos 9.700 euros ao ano pola celebración das sesións plenarias ordinarias bimensualmente e non mensualmente, supoñen 12.000 euros ao ano.

- Que estas medidas non perxudican a ninguén, só nos perxudican a nós como partidos políticos e como concelleiros, polo tanto que ninguén se sinta perxudicado; e quere que este aforro se reinverta no benestar dos cidadáns.

- Que coa proposta que fai está defendendo os intereses de Arzúa.

\* Do Sr. Pintor Vázquez, para expoñer:

- Que esta moción foi debatida nunha comisión informativa e, como temos unha nova Xunta Directiva na Agrupación Socialista, pasoulle esta cuestión.

- Que visto como esta presentada a cuestión, non é real o aforro a que se referiu o Sr. Orois Valiño, se se celebran bimensualmente os Plenos.

- Que o grupo popular e o socialista acordaran que as sesións do Pleno foran mensuais, co ánimo de estimular a actividade política e de que se presentasen iniciativas.

- Que houbo unha palabra que sempre se respetou, de maneira que, cando non houbera asuntos para o Pleno non se celebraría; e iso foi o que sucedeu o pasado mes, por tanto estanse celebrando as sesións plenarias con esa flexibilidade, porque de feito se están celebrando bimensualmente; en consecuencia o aforro xa esta existindo. A diferenza vai ser que nas sesións extraordinarias no hai rogos e preguntas.

- Que, respecto ás aportacións aos grupos políticos, nosa agrupación considera que hai un agravio hacia o Partido Socialista; porque, cando se fai un plan de aforro, ten que ser proporcional a todos os grupos, porque aínda que sexamos o grupo máis minoritario non quere dicir que sexan o grupo menos activo, pois nas actas das sesións do Pleno se pode comprobar que somos os que máis iniciativas presentamos.

- Que a asignación aos grupos políticos non hai que facela polo número de concelleiros.

- Que temos dereito a un local e a súa non facilitación polo concello ven compensada con esa aportación; porque temos un local polo cal temos que pagar os gastos de mantemento.

- Que este asunto debería quedar sobre a mesa, para poder reflexionar sobre el.

\* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expoñer:

- Que considera que a parte da moción que se refire ás aportacións do Concello aos grupos políticos e concelleiros, pode quedar sobre a mesa para negociar entre todos, e ver que é máis convinte dentro dunha proporcionalidade.

- Que, en canto á outra parte da moción, é partidaria de continuar coa política anterior e manter que as sesións do Pleno sexan bimensuais porque, cando haxa cuestións de tipo urxente, sempre se poden facer sesións extraordinarias, aínda que non haxa rogos e preguntas.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para preguntar ¿Se se publicou no Boletín Oficial da Provincia a modificación do Regulamento Orgánico Municipal?

Contesta o Sr. alcalde que aínda non.

Indica entón o Sr. Orois Valiño:

-Que, como ningunha norma entra en vigor antes da súa publicación, non habería ningunha norma que obrigase a facer os Plenos cada mes; en consecuencia o que propoñemos é facer a modificación do ROM, para dixalo nese punto no seu estado orixinario, sabendo que non se poden celebrar as sesións plenarias cada mes, porque non se publicou o regulamento.

- Que como estamos obrigados polo que dispoña o regulamento, unha vez que se publique, ninguén estaba obrigado a celebrar plenos mensuais, porque todavía non se publicou.

\* Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que se acaba de enterar agora, e quere saber porque non se publicou aínda o Regulamento Orgánico Municipal, despois de que foi modificado hai xa varios meses.

O Sr. alcalde indícalle que plantee esa pregunta no apartado de rogos e preguntas desta sesión, e lle explicará o motivo.

Continúa coa súa intervención o Sr. Pintor Vázquez para manifestar:

-Que se o regulamento non esta publicado entraríamos na contradicción de que se convocaron dous plenos seguidos e nos dous hai rogos e preguntas, cando unha sesión tiña que ser extraordinaria.

-Que o máis sensato é que se reunan os grupos políticos e se faga unha valoración coa interventora para conseguir una aforro integral.

\*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para propoñer que se manteñan as sesións ordinarias do Pleno, con carácter bimensual, e que a outra parte da moción quede sobre a mesa para negociar entre os grupos políticos.

\*Intervén o Sr. alcalde para expoñer que lle parece ben que a proposta sobre asignacións aos grupos políticos quede sobre a mesa para estudialo entre todos, e non deixarnos levar pola demagoxia que se esta facendo en todos os medios de comunicación.

\* Volve a intervir o Sr. Orois Valiño (do P.P.) para expresar:

- Que lle parece ben que o asunto das asignacións aos grupos políticos quede sobre a mesa, sempre que haxa un compromiso por parte dos tres grupos políticos de que vai a haber unha rebaixa das asignacións aos grupos políticos, para o cal propón que nos demos un prazo para debatilo no seguinte Pleno; e que nese prazo dun mes, que pode ser ampliado a dous meses se fai falta, reunámonos os voceiros de cada grupo político e acordemos unha rebaixa substancial; e a postura do grupo político do P.P. vai ser propoñer unha rebaixa ao Partido Socialista, por unha cuestión matemática, porque ten un só concelleiro.

\* Intervén o Sr. Pintor Vázquez (do PS deG-PSOE) para expresar:

- Que acepta que as sesións ordinarias do Pleno se celebren bimensualmente.  
- Que a rebaixa das asignacións se faga non só aos grupos políticos, senón tamén polas asistencias a Plenos e Comisións, e iso en base aos datos que nos facilite a interventora, de maneira que todos nos apretamos o cinturón a partes iguais.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a primeira parte da moción, que propón que as sesións ordinarias do Pleno se celebren bimensualmente.

Acordándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- volver a modificar o Regulamento Orgánico Municipal, para que o réxime de sesións ordinarias quede como estaba antes da súa modificación; é dicir, con carácter bimensual.

Para o cal, incluírase ese punto na orde do día dunha vindeira sesión plenaria, sen necesidade de sometelo xa ao ditame da comisión informativa; salvo que haxa outras cuestións que deban ser obxecto de modificación tamén en dito regulamento.

En canto á segunda parte da moción, referida ás asignacións aos grupos políticos,

Acordouse –por unanimidade dos trece membros asistentes- deixalo sobre a mesa para estudialo mellor, con vistas a ser acordado nunha vindeira sesión plenaria.

## B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL

### MOCIÓNS

Antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que se achegaba coa convocatoria desta sesión, e que non teña cabida na rolda de rogos e preguntas.

Manifestando, acto seguido, o Sr. alcalde que hai dúas mocións conxuntas que queren presentar os tres grupos políticos representados nesta Corporación Local: Unha, sobre a Oficina Liquidadora do Rexistro da Propiedade de Arzúa, e outra, sobre o sector lacteo galego.

Polo que se procedeu a tratar sobre as referidas mocións:

#### **MOCION 1º.- Referida á conveniencia de que se manteña a Oficina Liquidadora, vinculada ao Rexistro da Propiedade de Arzúa:**

Seguidamente o alcalde pasou a motivar a urxencia de tratar agora sobre esta moción; expoñendo o seguinte:

-Que se puxo en contacto coa Rexistradora, porque había intención de trasladar a Santiago a Oficina Liquidadora do Rexistro da Propiedade, por se queriamos facer algo en conxunto.

-Que se sacan esa oficina vai supoñer un prexuízo: para os veciños de Arzúa, porque terían que trasladarse a Santiago para facer esas xestións, e tamén para quen traballa aquí na oficina de Arzúa.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora sobre esta moción,

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de considerar xustificada a urxencia; polo que, en consecuencia, procedeuse a pasar ao seu debate e votación.

Para o cal o alcalde dou lectura desa moción, cuxo texto é o seguinte:

*“A Xunta de Galicia ten previsto suprimir as Oficinas Liquidadoras de Distrito Hipotecario dos concellos galegos, para convertelas nunha sorte de oficinas buzón de simple recepción de documentos excluindo a labor de información, asistencia e comprobación que realizan na actualidade. Deste xeito, o cidadán verase obrigado a desprazarse á sede correspondente da Delegación de Facenda, tanto para pedir asesoramento como para presentar alegacións, recursos, certificacións de documentos liquidadores e moitos outros trámites relacionados coa administración tributaria.*

*No caso de Arzúa, a Oficina Liquidadora vinculada ao Rexistro de Propiedade conta cun persoal altamente cualificado e en constante formación que presta, dende hai anos, un servizo fundamental a todos os veciños e veciñas de Arzúa, da comarca e dos concellos limítrofes ao xestionar os tributos en contacto directo co contribuínte. A xestión deste servizo manifestase como eficaz e eficiente, en canto á recadación e ao número de expedientes despachados de cada tributo.*

*A proposta da Xunta de Galicia, de converter as oficinas liquidadoras en meras oficinas de recepción de documentos, exclúe o núcleo da labor asistencial cualificada que desempeña na actualidade o persoal da oficina e vai contra a tendencia actual na política fiscal das comunidades autónomas que se basea, precisamente, en aumentar a colaboración con ditas oficinas dada a súa eficacia.*

*Se a Xunta de Galicia fai realidade a súa proposta provocará o despido do persoal que traballa na Oficina Liquidadora de Arzúa e fará desaparecer un servizo xurídico fundamental nos concellos rurais como é o caso de Arzúa, alonxando así a administración do cidadán e supoñendo un ataque directo a todas as políticas de desenvolvemento rural. Incrementaranse os gastos para o contribuínte que terá que desprazarse á cidade e verase obrigado a contratar servizos de información que actualmente se prestan con carácter gratuíto. Ao mesmo tempo a Xunta de Galicia tamén terá que afrontar novos gastos pois, ao asumir a recadación dentro da Axencia Tributaria de Galicia, terá que crear novas delegacións co conseguinte incremento de plantilla.*

*En base ao exposto, os grupos políticos do BNG, Partido Popular e PSdeG-PSOE de Arzúa, tomamos o seguinte ACORDO: Solicitar da Xunta de Galicia a revocación do acordo de supresión da Oficina Liquidadora vinculada ao Rexistro da Propiedade de Arzúa, ao provocar o alonxamento da xestión tributaria dos veciños e veciñas do concello.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\*Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que esto do plan de axuste do Partido Popular está chegando a extremos inconcebibles; por razón das medidas adoptadas polo goberno, nestes momentos esta habendo manifestacións en todas as cidades, porque se está recortando aos cidadanos non só diñeiro senón tamén dereitos. De feito estes días publicábase nos periódicos que “a ONU afirma que os recortes de Rajoy perxudican de forma desmedida aos cidadans”.

- Que se se leva a cabo a supresión da Oficina de Rexistro en Arzúa vai a afectar aos cidadáns, ao Rexistro e ao persoal que traballa alí.

- Que neste caso concreto tense que opoñer a que esto se leve a cabo, e agradece que o grupo do Partido Popular se revele contra a política da Xunta de Galicia neste punto.

\*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar que os seis concelleiros do Partido Popular nos somos escravos de ninguén, só da nosa conciencia e estamos de acordo co exposto nesta moción que tamén asinamos; somos arzuáns e, se unha medida é contraria a Arzúa, vamos a estar todos xuntos para defender os intereses dos veciños.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a proposta de acordo que contén esta moción.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de solicitar á Xunta de Galicia a revocación do acordo de supresión da Oficina Liquidadora vinculada ao Rexistro da Propiedade de Arzúa, ao provocar o alonxamento da xestión tributaria dos veciños e veciñas do concello.

**MOCIÓN 2º.- Sobre as medidas que procede adoptar desde os Ministerios de Agricultura e de Economía e desde a Consellería do Medio Rural, en benefico dos gandeiros galegos.**

Intervén o Sr. alcalde para expresar que hai uns días puxeronse en contacto con él os membros dos tres sindicatos agrarios, para que se levase a un Pleno esta moción sobre o prezo do leite; e, como a primeira sesión que ía a haber foi esta, díxolles que non habería inconvinte pola súa parte en incluír este asunto; pasando seguidamente a ler dita moción, cuxo texto é o seguinte:

*“As organizacións profesionais agrarias, UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES E SINDICATO LABREGO GALEGO trasladan aos Grupos políticos con presenza nesa Corporación Municipal para que, de acordo co establecido nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, sexa presentada para o seu debate e aprobación polo Pleno a MOCIÓN que a continuación se recolle:*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O rural de Galicia está a afrontar un tempo de incertezas económicas agravado en boa medida polo diferencial de prezos do leite con España e Europa. Os gandeiros galegos son os que reciben un prezo máis baixo polo seu leite de toda España. En maio de 2012 os gandeiros galegos recibiron 29,2€/100 litros, que está un 5,5% por baixo do prezo medio estatal e un 15,61% por baixo do que perciben os produtores valencianos.*

*As diferenzas de prezo entre Comunidades Autónomas danse incluso entre gandeiros que entregan á mesma empresa.*

*(Inclúese un cadro sobre “Evolución de prezos/litro (medias ponderadas), durante o período 2011/2012).*

*Respecto do prezo percibido polos gandeiros galegos é un 5,48% inferior ao de Portugal, un 1,10% inferior ao de Francia, un 5,65% inferior ao de Alemaña e un 12,16% inferior ao de Holanda.*

*(Inclúese un cadro sobre “PRICES of Cow´s raw milk in euro/100 kg).*

*Unha situación que se veu agravada pola suba dos custos de produción e a seca que vivimos a última primavera. Así, nos últimos anos os custos de produción e o prezo do leite evolucionaron de maneira moi diferente: os fertilizantes, os combustibles, a electricidade e o penso para vacún de leite experimentaron subas espectaculares, mentres que o prezo do leite apenas experimentou cambios. Dende o ano 2005 os ingresos por venda de leite subiron un 0,9% e os custos de explotación subiron un 29,6 % (os alimentos para o gando subiron un 33,9%, os fertilizantes un 60,2%, os gastos enerxéticos un 50,4%) o que motivou unha caída da renda do 43%.*

*Indice de prezos percibidos e pagados. Ano 2005=100*

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
<i>Leite</i>	100	99,7	123,0	124,0	93,2	96,2	100,9
<i>Alimentos gando</i>	100	101,2	115,6	133,3	112,0	115,5	133,9
<i>Fertilizantes</i>	100	103,6	110,2	181,8	150,7	133,0	160,2
<i>Enerxía</i>	100	107,8	111,1	133,6	106,3	127,0	150,4

*Estes factores debuxan, en definitiva, un escenario pouco alentador para os que vivimos do sector primario en Galicia. Tal é así, que o lácteo galego está ao borde da súa desaparición e con el non só un tecido económico que da emprego a mais de 66.000 persoas na nosa Comunidade Autónoma, entre emprego directo, indirecto e inducido, asentado no rural, en pequenos autónomos, en actividades coma a construción, o comercio, a hostalería, talleres, servizos de contratación de maquinaria e oturos. É un feito ben sabido que moitas das comarcas do rural galego teñen unha total dependencia económica do sector, pois a redución nos ingresos do leite reduce á súa vez os ingresos doutras actividades das zonas rurais, que contribúen de xeito capital ao mantemento dun medio cada vez máis despoboado.*

*As organizacións de produtores trasladámoslle ao Presidente da Xunta de Galicia o pasado día 5 de xuño no marco da Mesa do Leite, a necesidade de impulsar diante do Goberno do Estado unha iniciativa política urxente e contundente que impida o estrangulamento financeiro do sector lácteo. Así mesmo, fixemos fincapé na importancia do impuso dun acordo entre industria, produtores e Administración para acadar unha postura común diante da distribución de cara a impedir que as explotacións galegas, a pesar de teren un mercado de proximidade deficitario de leite, vexan como as francesas perciben un maior prezo a pesar de estar nun marco claramente excedentario.*

*A día de hoxe seguimos sen solucións, e a situación do sector é aínda máis sombría, xa que dende entón, producíronse novas baixadas de prezos ao produtor, e pola contra, as materias primas para a fabricación de pensos, seguiron disparándose, especialmente a soia.*

*Polo exposto, as organizacións profesionais agrarias, UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO, solicitan a presentación desta MOCIÓN diante do Pleno da corporación municipal de Arzúa, para apoiar nas administracións correspondentes, e solicitar do Presidente da Xunta de Galicia o seguinte paquete de medidas:*

*1º Esixir aos Ministerios de Agricultura e Economía que non permitan que a distribución francesa e alemá nos trate como o sumidoiro para a súa produción láctea a custa de arruinar zonas produtoras como Galicia.*

*2º Que, no exercicio das súas responsabilidades, tome as iniciativas oportunas para impedir a discriminación de prezos que as empresas exercen sobre o leite galego, articulando mesas de negociación entre produtores, industria e distribución semellantes as que se deron en países veciños como Francia.*

*3º A posta en marcha dun observatorio de prezos das materias primas, que permita valorar a súa evolución de xeito transparente.*

*4º Que formule, nas instancias que corresponda e con urxencia, as modificacións normativas que aseguren unha aplicación axeitada dos contratos no sector lácteo. A pesar do inmediato destes cambios, algunhas cuestións legais están pendentes de regular, tales coma os criterios de fixación do volume nos contratos ou a necesidade de regular a figura do mediador con capacidade de resolver discrepancias entre produtores e industria.*

*5º Que traslade á Consellería do Medio Rural a necesidade de reforzar as partidas de axudas á modernización das explotacións e, sobre todo, que actúe de xeito decidido contra o déficit de terra que padecen as explotacións galegas, que está a limitar a rendibilidade das mesmas e a comprometer o futuro das axudas europeas que estarán ligadas á superficie agraria.”*

---

Engade o Sr. alcalde:

-Que na reunión que mantivo con representantes dos tres sindicatos citados estes fixeron hincapé na escasez de terras que teñen menos rendibilidade e no prezo da leite que se paga aos gandeiros de aquí, con respecto aos doutras comunidades autónomas, como pode ser o caso de Valencia e Andalucía; porque xunto a Cantabria somos os que menos percibimos por litro de leite.

- Que se ve que hai un esforzo, por parte dos sindicatos, para ir xuntos e facer propostas á Xunta de Galicia.

- Que, en Arzúa, o sector lácteo é un sector prioritario, co que conleva arredor seu, aparte do sector gandeiro.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\*Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que, despois da lectura da moción e das explicacións do alcalde, pouco mais hai que dicir e como estamos de acordo coa moción, temos que seguir loitando por este sector.

- Que se di na moción que existen 66.000 empregos directos ou indirectos relacionados coa agricultura, e aquí en Arzúa son moitos tamén os que están en risco de quedar no paro.

- Que nos anos 80 Arzúa foi dos concellos con máis cabezas de gando, despois de Santa Comba, porén hoxe xa non o é.

- Que no prezo da leite estamos un tanto por 100 debaixo da media de España, e no digamos xa con respecto a Francia e Portugal.

\*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar que compartimos o manifestado e exposto polo Sr. alcalde e imos a votar a favor, porque consideramos que os gandeiros de Galicia e de Cantabria están sufrindo unha discriminación con respecto ao resto.

\*Do Sr. alcalde para indicar que en Andalucía se paga o litro a 35 céntimos e aquí a 29 céntimos; e estas diferencias dánse entre gandeiros que venden o leite incluso á mesma empresa de aquí ou doutra comunidade.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria as cinco propostas de acordo que contén esta moción.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

**Primeiro**.- Esixir aos Ministerios de Agricultura e Economía que non permitan que a distribución francesa e alemá nos trate como o sumidoiro para a súa produción láctea a custa de arruinar zonas produtoras como Galicia.

**Segundo**.- Que, no exercicio das súas responsabilidades, tome as iniciativas oportunas para impedir a discriminación de prezos que as empresas exercen sobre o leite galego, articulando mesas de negociación entre produtores, industria e distribución semellantes as que se deron en países veciños como Francia.

**Terceiro**.- A posta en marcha dun observatorio de prezos das materias primas, que permita valorar a súa evolución de xeito transparente.

**Cuarto**.- Que formule, nas instancias que corresponda e con urxencia, as modificacións normativas que aseguren unha aplicación axeitada dos contratos no sector lácteo. A pesar do inmediato destes cambios, algunhas cuestións legais están pendentes de regular, tales coma os criterios de fixación do volume nos contratos ou a necesidade de regular a figura do mediador con capacidade de resolver discrepancias entre produtores e industria.

**Quinto**.- Que traslade á Consellería do Medio Rural a necesidade de reforzar as partidas de axudas á modernización das explotacións e, sobre todo, que actúe de xeito decidido contra o déficit de terra que padecen as explotacións galegas, que está a limitar a rendibilidade das mesmas e a comprometer o futuro das axudas europeas que estarán ligadas á superficie agraria.

*Punto 1º) **ROGOS E PREGUNTAS***

I) Polo concelleiro do BNG, Sr. García Couso, formuláronse as seguintes **PREGUNTAS** ao Sr. alcalde

**PRIMEIRA.**-¿Se se vai comprar a parcela con unha construción na parroquia de Tronceda, para local social, espazo público de esparcemento e servizo para a igrexa, que estaba acordada na anterior lexislatura e para a que había fondos a través dun préstamo xa concertado e concedido?

Responde o alcalde:

-Que a situación de agora non é a mesma que cando se pediu o préstamo.  
- Que, como a finca non ten agora o mesmo valor, hai dúas semanas falou co dono da finca, para que rebaixara o prezo; e está a espera de que o persoal dos servizos económicos do Concello veñan de vacacións, para poder falar sobre este tema e tomar unha decisión.

**SEGUNDA.**- ¿Por que se cambiou a sesión do Pleno ao luns cando se tiña que celebrar o venres, porque na acta de organización da Corporación dixen que as sesións ordinarias celebraríanse os últimos venres de cada mes par as vinte horas, ata que pasen a celebrarse con carácter mensual, en que se seguirán celebrando os últimos venres de cada mes, ás vinte horas.

Responde o alcalde:

-Que cre que nalgún punto o Regulamento Orgánico Municipal dise que as sesións ordinarias podense adiantar como atrasar, por razóns de eficacia administrativa.  
-Que un dos motivos foi por cuestión de prazos, e non hai ningunha mala intención.

**TERCEIRA.**- ¿Por que non se trouxo a este Pleno un asunto que se tratou na Comisión Informativa, relativo a un recurso de reposición contra o acordo de cambio de nivel de protección do Pazo de Brandeso, e do que había un informe do secretario, con respecto a estar presente o concelleiro socialista por enemistade manifesta?

Responde o alcalde:

-Que non se trouxo o Pleno porque creu convinte pedir outros informes aos servizos xurídicos do concello, así como ao servizo xurídico da Deputación Provincial; e o informe da Deputación non estaba listo para este pleno.  
-Que falou con concelleiro implicado e como lle pareceu ben, quedouse en traer o asunto ao vindeiro Pleno con eses informes.

II) Polo concelleiro do PSdeG-PSOE, Sr. Pintor Vázquez, formulouse os seguinte **ROGO** ao Sr. alcalde:

-Que no informe do secretario dise que el ten enemistade co dono do Pazo de Brandeso, e segundo a lei se lle impide participar no debate e votación do recurso interposto.

-Que quere que quede claro que as súas manifestacións están feitas en base a cuestións de debate político, nunca a nivel persoal, el fisicamente non coñece a esa persoa, polo tanto non pode ser o seu enemigo.

-Que se alguén pediu a súa recusación para opinar sobre este tema, pide que se lle dea a posibilidade de expoñer a súas motivacións, e non en base a decisión de alguén se tome unha decisión presupoñendo algo.

Responde o Sr. alcalde:

-Que se arrepite de non facer rogos e preguntas ao goberno municipal anterior ao cal el pertencía, porque probablemente nalgún caso o seu voto houbera variado se houbera pedido máis información.

- Que está seguro de que se o fixese, nunha sesión ou nalgunha assemblea local do BNG, liquidaríase.

**III)** Polo concelleiro do BNG, Sr. Bermúdez Taboada, formulouse a seguinte **PREGUNTA** ao Sr alcalde: Mirando os decretos do ano 2011, aparece só un decreto con respecto as cantidades que perciben os concelleiros por a súa asistencia aos órganos colexiados, ¿Por que non se dou conta deses decretos?

Responde o alcalde que, se é así, habería que investigar o que pasou e informáraselle diso.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde do Sr. Presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 22:20 h. do indicado día, estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.

